

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crecemento do Concello de Santiago veuse favorecido ao longo dos anos pola anexión de concellos limítrofes, integrando amplas zonas de marcado carácter rural que lle confiren novos valores que contrastan e complementan os propios dunha cidade Patrimonio da Humanidade.

O propio Plan Xeral de Ordenación Municipal, que orienta e dirixe o desenvolvemento urbanístico, tivo en conta esta riqueza ao preservar determinados lugares como núcleos diferenciados, tratando de manter neles o aire rural que os define e diferencia.

Tal é caso do barrio de Cornes, núcleo pertencente ao antigo concello de Conxo. Un lugar que adquiriu un notable protagonismo a raíz da construción da súa estación de ferrocarril que en 1873 recibiu a chegada do convoi que inauguraba a primeira liña ferroviaria de Galicia, entre as terras de Santiago e o porto de Carril.

Durante décadas, no lugar de Cornes conviviou un modo de vida moderno, ligado á actividade ferroviaria, cun modo de vida tradicional, ligado á actividade agraria. Unha dualidade que aínda hoxe é posible percibir.

Non lonxe do lugar da antiga estación ferroviaria, convertida desde 2009 na Casa das Asociacións de Santiago, perdura –logo dunha axeitada remodelación promovida nos últimos anos- un conxunto tradicional formado por fonte, canle e lavadoiro, fronte ao que ao parecer se localizaba o antigo matadoiro municipal de Conxo. A construción constitúe, ademais dunha fermosa mostra da arquitectura popular, un contorno natural digno de coidado e atención.

O lugar é tamén un dos escenarios poéticos presentes na obra de Rosalía de Castro e, de feito, a súa visita ten formado parte dun “roteiro literario” pola xeografía da cidade ligada á poetisa.

O conxunto, xunto co camiño que conduce a el, ofrece unha imaxe de abandono e de insalubridade que entendemos que é preciso corrixir.

A maleza inza ao seu arredor, dificultando o seu acceso e ameaza con alcanzar a estrutura de madeira e o propio tellado. A falta de limpeza nas escaleiras de acceso, na fonte, na cal de pedra que leva a auga á pía e nos desaugues, fai que o corredor que a circunda se atope completamente anegado. A auga encorada mostra unha intensa cor verde e nela aboian varias botellas e cartóns de bebida.

O abandono aínda se fai máis patente ao observar unha vella maleta depositada no lugar e unha pintada que afea a pedra de cantería na que noutro tempo se apoiarían as pezas de roupa.

Tendo en conta esta situación, que se vai agravando día a día, afeando un enclave tradicional cun gran valor natural e etnográfico, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte Rogo ao Goberno Municipal:

Que por parte dos servizos municipais correspondentes se proceda a executar unha completa actuación de roza, limpeza e saneamento da fonte e lavadoiro de Cornes, así como do seu contorno, para recuperar para a veciñanza do lugar e do concello este singular espazo.

Santiago de Compostela, a 23 de outubro de 2015.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela



